

data/duración: 14/12/2023 16:30-18:30

Asistentes:

Mónica García Cortizo
María del Carmen Costas Lago (online)
Dolores Ferreira Ramilo
Armando Candal Franco
Victoria Castelao Iglesias
Victor Ronco García
Fernando Sequeiros Gómez
Mateo Carrera Castro
Óscar Loeda Rivas

Ausencias:

Luis Miguel Pérez González
Xenxo Pérez García

Observacións

Sesión grupal para dar comezo aos proxectos que se van a desenvolver no ámbito dos Polos Creativos

Orden do Día

Listaxe dos puntos do orden do día:

1. Rexistro asistencia.
2. Concreción dos proxectos que entrarán no ámbito dos Polos, asinar responsables e organizar equipos de traballo.
3. Formación (interna e externa)
4. Próximas accións.

Temas Tratados

Óscar despois de facer unha breve introdución dos Proxecto Polos Creativos para os docentes novos na actividade da paso a debater sobre ideas para os proxectos que poderíamos lanzar este curso:

1. Proxectos de Radio/PodCast

Na parte de radio/podcast débátese os seguintes proxectos:

» Entrevistas de Formación e Orientación Laboral (Proposta de Victoria)

A idea é que o alumnado faga unha actividade de entrevistas entre eles falando de temas de Orientación Laboral. As entrevistas gravaríanse para despois ser editadas en formato podcasts.

Pensada para alumnado de 4 ESO (obxectivo aprox. 20 alumn@s)

Necesaria formación interna en radio para profesora e tamén posiblemente para alumnado.

Para 2º ou 3er trimestre

» Podcasts de Cancións con Historia (Proposta de Mateo)

Dous grupos de traballo:

Para o alumnado de 3º ESO A (2ª Avaliación) aproveitando o temario curricular, asociar as cancións que presentaron os países ó concurso de Eurovisión como escusa para falar dese país.

Para os alumnos de 4º ESO B (3ª Avaliación) algo parecido ó anterior pero coa temática da Guerra Fría que teñen que estudar nese trimestre. Crear podcast falando do tema con música de fondo de temas de cancións que teñan que ver co tema.

» Podcasts de entrevistas a xente maior do barrio (Proposta de Víctor)

Gravacións de charlas informais con xente maior do barrio para despois editalas en formato podcast.

Dirixida o alumnado de TIC.

» Podcasts de temas de interese para o alumnado (Proposta de Víctor)

Gravacións de charlas de temas de interese dos rapaces (deportes musica, ocio, literatura, comics, viodeoxogos...)

Aberto a comunidade escolar.

2. Proxectos de Vídeo/Fotografía

Na parte de vídeo/fotografía débátese os seguintes proxectos:

» Proxecto dixital de TIC 1º Bacharelato (Proposta de Mónica y Víctor)

Aproveitar a unidade didáctica dedicada o realizar un Proxecto dixital para utilizar os recursos de vídeo, audio e iluminación dos Polos. O tema estaría relacionado coa educación. Os estudantes deben investigar como era a educación antes mediante entrevistas a xente doutras xeracións e contrastala a como lle gustaría que fose agora.

» Proxecto Cine con conciencia (Proposta de Víctor)

Enmarcase dentro da solicitude dun proxecto educativo para traballar os estereotipos de xénero. Trataríase de encaixalo nunha colaboración co grupo de igualdade.

Proxecto onde se farían uso dos recursos audiovisuais dos Polos. Ademais se se concedese o proxecto leva asociado unha formación audiovisual o cal sería moi interesante para os rapaces ca reciban.

En calquera caso comentamos na reunión de que concedan ou non o proxecto intentar facelo pola nosa conta.

3. Proxecto de Xogos de mesa (Proposta de María)

Desenvolver Xogos de mesa recollendo experiencia do curso pasado en proxectos similares que fixemos nos Polos. A idea é facer versións de Xogos de mesa coñecidos como Clue, Pasapalabra ou Quen é quen etc.

Dirixido o alumando de 2º e 3º da ESO.

Ademais, pensando no día da Muller na Ciencia (11 Febreiro) ter listo un Xogo de Ciencia para esa data.

Na elaboración o alumnado participante faría uso principalmente destas ferramentas: Cortadora Laser, Plotter de Corte ou Impresora 3D.

4. Proxectos da Rama de Tecnoloxía (Proposta de Víctor e Óscar)

Propóñense os seguintes:

- Recoller móbiles en desuso para facer un proxecto similar o de cursos pasados. Depositálos nunha caixa de reciclaxe que conte de modo automático o número de móbiles. Alumnado de Tecnoloxía de 4º da ESO.
- Aproveitando os móbiles en desuso facer un banco de baterías que se poderían cargar mediante panel solar. Alumnado de Tecnoloxía de 1º Bacharelato.
- Proxecto da Uvigo (II Olimpíadas Telco) relacionado coas comunicacións e a saúde. Uso de placa Microbit ou Arduino. Alumnado de Tecnoloxía de 4 Eso e 1º Bacharelato.

Nestes proxectos faríamos principalmente uso deste material de Polos: Sensores e impresora 3D.

5. Outras propostas

Exponse as seguintes:

- Decoración da Porta dos Polos. Proposta de Óscar para cambiar o aspecto da sala de Polos. Mónica e Víctor acordan levalo a materia de TIC dentro das actividades de edición de imaxe con GIMP. Adicionalmente Óscar falará coa profesora de Debuxo por si está interesada en levalo a súa materia e ampliar o proxecto as paredes dos Polos.
- Radio en directo. Proposta de Óscar para facer proxectos de Radio en Directo cunha difusión exclusivamente dentro do Centro. Óscar encargárase dos detalles técnicos. Pendente quen pode estar interesado.
- Gravacións de Música na sala de Polos facendo uso do material de Radio. Fernando Sequeiros amósase interesado na posibilidade de facer algunha actividade deste tipo. Pendente a posibilidade de compra dalgún micro que mellore a calidade das gravacións de música en directo xa que os micros da radio no son os mais adecuados.
- Vídeos onde se amose a realización de experimentos ou actividades do ámbito científico-técnico.

6. Formación

Óscar comenta os seguintes aspectos da formación:

- En canto a formación externa:
 - Este curso soamente está programado un curso avanzado de Impresión 3D para os profesores dos Polos. Hai posibilidades que sexa non propio centro. Previsión para finais de Xaneiro principios de Febreiro.
 - Ademais está pedido curso de Scanner 3D.
- En canto a formación interna:
 - Curso básico de formación en impresión 3D a impartir por María. Debe ser anterior o curso externo. Pendente data o antes posible na segunda quincena de Xaneiro ou principios de Febreiro.
 - Curso de Radio: manexar mesa de mesturas e edición audio para elaborar Podcast. Pendente data na segunda quincena de Xaneiro. A impartir por Victor.
 - Curso de Vídeo: Dúas partes. Curso de edición de vídeo a impartir por Victor. Trataríase de un curso eminentemente practico. Por outra banda cumprimentar cun curso pensado na produción de vídeo, pensado en aprender técnicas para facer vídeos correctamente. Sería tanto para profesores como alumnado. A impartir por Mateo. Datas tentativas: segunda quincena de Febreiro.
 - Ademais, programar cursos de Cortadora Laser e Plotter de corte.

7. Repaso material dos Polos

A sesión remata cun repaso o material que temos nos Polos para o profesorado que é novo nos proxectos dos Polos.

Próximas accións

- Facer seguimento do lanzamento dos proxectos. Responsable: Óscar
- Facer seguimento de fixar datas de formación interna. Responsable: Óscar
- Montaxe do Servidor para radio en directo. Responsable: Óscar.
- Convocar próxima reunión. Responsable: Óscar.